

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 25 DE XUÑO DE 2020

Ás 11:00 horas do día 25 de xuño de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 19 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Secundino Otero Faílde, xefe do Servizo de Medio Ambiente (asiste aos puntos 2a, 2b, 4a e 4b)
D^a. María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste aos puntos 2c e 4c)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (11.979-255)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento á UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS-NATURGALIA (porcentaxe de participación ao 80%-20%, respectivamente) por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a



documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. PINTEGA XARDINS, S.L.: Deberá presentar un novo DEUC debidamente cumprimentado, xa que no presentado non se cumprimentaron os aspectos relativos a:
 - inscrición nun rexistro de contratistas (“¿figura el operador económico inscrito en una lista oficial de operadores económicos autorizados o tiene un certificado equivalente (p. ej., en el marco de un sistema nacional de (pre)clasificación)?”)
 - participación na licitación en UTE (“¿Está participando el operador económico en el procedimiento de contratación junto con otros?”)
 - solvencia de terceiros (“¿Se basa el operador económico en la capacidad de otras entidades para satisfacer los criterios de selección contemplados en la parte IV y los criterios y normas (en su caso) contemplados en la parte V, más abajo?”)
 - boa parte dos motivos de exclusión (parte III)
 - cumprimento dos criterios de selección (parte IV)

Tamén deberá presentar o anexo II ao PCAP (declaración responsable) esixido na cláusula 14 do PCAP.

2. SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN, S.L.: deberá presentar o anexo II ao PCAP (declaración responsable) esixido na cláusula 14 do PCAP.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas (14.597-306)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “*Documentación persoal*”, tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. CALFENSA PROYECTOS, S.L.
2. EMDESFOR 2002, S.L.
3. GROMA OBRAS, S.L.

- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. FORESTAL SANTOME, S.L.U.: deberá presentar o Anexo II ao PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:12	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A74H-EEBA2C-D4ECCF-9T57ST-XP18E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



2. LAPATIAN, S.L.: deberá presentar o Anexo II ao PCAP e un novo DEUC debidamente cumprimentado. No presentado non se respondeu á pregunta recollida na parte III "Motivos de exclusión": "Incumplimiento de obligaciones en los ámbitos del Derecho social Según su leal saber y entender, ¿ha incumplido el operador económico sus obligaciones en el ámbito del Derecho social? Tal como se contemplan a efectos de la presente contratación en la legislación nacional, en el anuncio pertinente o los pliegos de la contratación o en el artículo 18, apartado 2, de la Directiva 2014/24/UE".

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do sexto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.721-307)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. GROMA OBRAS, S.L.
 2. ORECO, S.A.U.
 3. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
- b) Outorgar un prazo de tres días a LAPATIAN, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación, concretamente deberá presentar un novo DEUC debidamente cumprimentado. No presentado non se respondeu á pregunta recollida na parte III "Motivos de exclusión": "Incumplimiento de obligaciones en los ámbitos del Derecho social Según su leal saber y entender, ¿ha incumplido el operador económico sus obligaciones en el ámbito del Derecho social? Tal como se contemplan a efectos de la presente contratación en la legislación nacional, en el anuncio pertinente o los pliegos de la contratación o en el artículo 18, apartado 2, de la Directiva 2014/24/UE".

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446)

Dáse conta do Recurso especial en materia de contratación interposto pola Asociación de empresas de gestión de infraestructura verde (ASEJA) o 20 de xuño de 2020 contra o anuncio de licitación e o prego de cláusulas administrativas particulares no que se solicita a suspensión do procedemento, así como da proposta asinada pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira delegada o 23 de xuño de 2020 na que se solicita ao Tribunal Administrativo de Contratación da Comunidade Autónoma de Galicia a medida cautelar de suspensión.



Á vista do anterior a Mesa acorda, por unanimidade, atrasar a apertura das proposicións á espera do que resolva o Tribunal Administrativo de Contratación da Comunidade Autónoma de Galicia.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (11.979-255)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo a dous dos licitadores para que poidan emendar a documentación persoal.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de traballos menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico no río Lagares, en zonas eminentemente urbanas (14.597-306)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo a dous dos licitadores para que poidan emendar a documentación persoal.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do sexto programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (9.721-307)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo a un dos licitadores para que poidan emendar a documentación persoal.

d) Procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12.853-446)

Non se trata este asunto porque a Mesa acordou no punto 2d atrasar a apertura das proposicións á espera do que resolva o Tribunal Administrativo de Contratación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 04:12	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3A74H-EEBA2C-D4ECCF-9T57ST-XP18E-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		